

XUÑO

En xuño, 7 semanas despois de Pascua (Pentecostés) celebramos a vinda do **Espírito Santo**. Neste día a xente vai á igrexa en lugar de ir ao traballo para recordar aos apóstolos que tentaron espallar a mensaxe de Xesús. Celébrase en Grecia.



O 24 de xuño temos a festa de **San Xoán**. Facemos unha gran fogueira e saltamos sobre ela. En **Galicia (no norte de España)** asan sardiñas nas rúas. Ademais, para celebrar esta noite tan singular déixanse flores en auga no exterior das ventás e á mañá seguinte a xente lava a cara con esta auga. Así quedan "purificados" e teñen boa sorte durante todo o ano. Celébrase en Grecia, Dinamarca (Sankt Hans) e España.